

GRUPO DE TEATRO DO I.E.S.: A COMPAÑÍA “ESTABLE”

O I.E.S. Basanta Silva ten un grupo de teatro de nome “Compañía Estable”.

A persoa encargada do grupo de teatro é a profesora de francés Beatriz López Díaz. Dela naceu a idea dun grupo estable de actores: rapaces de tódolos niveis que teñen en común a paixón pola representación. Neste curso, conta coa axuda da profesora de historia, América García Fernández.

Este ano 2006-2007, o grupo está a preparar a representación dunha farsa nun acto de Molière, As Preciosas Ridículas. A traducción do francés ao galego é da profesora Beatriz López Díaz. Esta comedia non estaba traducida á nosa lingua.

A obra deste curso será pois unha farsa do século XVII do gran Molière, moi divertida e moi actual na súa temática: o amaneiramento extremo das formas supón case sempre un baleiro de contido, e, sobre todo, deriva en ridículo cando carece de razón de ser e de intelixencia.

RESUMO DA OBRA

O burgués Gorgibus ten o seu cargo á súa filla, Magdelon, e a súa sobriña, Cathos. Estas dúas señoritas idealizan o amor. Os homes que soñan con coñecer deben de posuír fineza de espírito así como facer versos e saber vestir como mandan os canons.

Pero Gorgibus xa lles ten elixido pretendentes: La Grange e Du Croisy, dous señoritos de boa familia que desprezan o preciosismo, a poesía e as maneiras amorosas retorcidas pero supostamente refinadas que elas adoran.

Así, os desgraciados cabaleiros, ao non responder as esixencias das doncelas, serán desprezados e rexeitados por estas. Prometen vingarse, e para elo asócianse co criado dun deles, Mascarille. Este coñece todas as armas do preciosismo: bonitos discursos, vestimenta sofisticada e calidades de home de mundo. Unirase a el Jodelet, outro criado, menos sofisticado pero igualmente atrevido e disposto a rirse de calquera.

REPARTO

LA GRANGE (Amante rexeitado)	Baruk Domínguez Grandío (B-1ºD)
DU CROISY (Amante rexeitado)	David López Vizcaíno (B-1ºB))
GORGIBUS (Bon burgués)	Anxo Fole Lamas (B-1ºA)
MAGDELON (Preciosa ridícula, filla de Gorgibus)	Alba Irimia Paz (E-4ºB)
CATHOS (Preciosa ridícula, Sobriña de Gorgibus)	Mirian Cillero Yáñez (E-4ºB)
MAROTTE (Criada)	Marta García Martínez (E-4ºB)
O MARQUÉS DE (Criado de	Marcos Sierra Prieto (E-3ºD)
MASCARILLE La Grange)	
O VIZCONDE DE (Criado de	Jesús Alberto Gallego (B-2ºA)
JODELET Du Croisy)	Cendán